

Avaliación I plan municipal de infancia y adolescencia



Redacción:

Mesa de coordinación interna en materia de infancia e adolescencia
Concello de Tomiño.

Coordinación:

Concellería de Eurocidade, Xuventude e Participación Infantil.

Asistencia técnica:



Atelier SOCIAL sl.

Índice de contidos:

Presentación - Introducción	4
Metodoloxía empregada	5
Aspectos analizados	6
Fontes de información.....	8
Valoración xeral do I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia de Tomiño 2018 - 2019.....	9
Proposta de mellora	16

Presentación - Introducción

A avaliación que se presenta a continuación é de **carácter práctico**, coa finalidade de obter información a través de técnicas de investigación social que ofrecen datos que determinan o **grado de consecución dos obxectivos establecidos no I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia de Tomiño**, así como a necesidade de manter, repetir ou corrixir os programas, as actividades e ou os servizos ofrecidos de cara os vindeiros catro anos.

Deste xeito, esta avaliación deberá ter un **carácter orientado a medición de resultados e ou de impacto**, e **deberá ofrecer respostas** a cuestións relativas aos criterios fundamentais das avaliacións que son: eficacia, eficiencia e pertinencia, sen que isto signifique que non poidan resultar outras conclusións a maiores. Isto servirá de axuda á hora de redactar o II Plan de Infancia e Adolescencia no que se afianzarán aquelas políticas públicas que serven para dar resposta ás necesidades das nenas, nenos e adolescentes de Tomiño.

Metodoloxía empregada

Para obter a información necesaria para esta avaliación traballouse baixo un deseño mixto baseado na **observación e valoración de todo o persoal implicado**.

Por unha banda, participou todo o equipo que conforma a **Mesa de Coordinación Interna**, na que se recolleu información a través de **fichas de avaliación** deseñadas especificamente para o Plan de Tomiño ademais das entrevistas co persoal técnico e político.

Por outra banda **realizáronse entrevistas** a axentes claves de Tomiño que foron escollidos polo propio Goberno Local e a empresa Atelier Social (encargada da elaboración da avaliación do Plan así como da dinamización do grupo de participación Infantil e Adolescente “Voces Novas”) en base a implicación na comunidade e o coñecemento que puideran ter sobre as políticas empregadas ao longo destes catro anos.

Tamén se realizaron **enquisas** entre o profesorado e o alumnado de todos os centros de ensinanza de Tomiño.

Aspectos analizados

A función da avaliación é de **control e orientación**, é dicir, co control referímonos ao seguimento de como se desenvolveron as actuacións previstas, se foron realizadas ou non, en que prazo etc. Mentres que a función orientadoras busca axudar a readaptar o novo Plan tendo en conta todo o anterior.

Os apartados dos que consta son:

Avaliación de resultados:

- Grado de cumprimento dos obxectivos plantexados do Plan.
- Nivel de corrección das necesidades detectadas no diagnóstico.
- Grado de consecución dos resultados esperados.

Avaliación do proceso:

- Nivel de desenvolvemento das accións emprendidas.
- Grado de dificultade atopado/percibido no desenvolvemento das accións.
- Tipo de dificultades e solucións emprendidas.
- Cambios producidos nas accións durante o desenvolvemento do Plan.

Avaliación do Impacto:

- Grado de mellora da calidade de vida de nenas, nenos e adolescentes de Tomiño.
- Consecución de integración do enfoque de infancia nas políticas públicas.

Tendo en conta as seguintes cuestións:

- Cobertura: Alcance da intervención en relación ao ámbito previsto, que ten que ver coa porcentaxe de poboación directamente afectada, o número de parroquias nas que se realizaron actividades, coas áreas municipais implicadas...

I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia de Tomiño

- Coherencia: Complementariedade con outras medidas levadas a cabo no territorio e coas grandes liñas de traballo en materia de dereitos de infancia tanto a nivel estatal como autonómico.
- Eficacia das accións: Orientada á medición das accións durante a execución do Plan. Adecuación con respecto ao previsto ou desexable e o realmente executado (número de actuacións previstas, valoración das actuacións, grado de participación,...)
- Eficacia dos resultados: ou o que é o mesmo, grado de transformación lograda sobre o ámbito de referencia (melloras detectadas, cambios observados, conceptos e/ou habilidades adquiridas...)
- Eficiencia: A adecuada utilización dos recursos de forma que se consiga un aproveitamento óptimo dos mesmos (orçamento anual asignado, orçamento executado, relación custo/asistencia, nivel de participación nas actividades máis custosas, participación nas actividades máis económicas...)
- Pertinencia: Grado en que a argumentación e os obxectivos do plan son axeitados, significativos e válidos en relación coa problemática e coas necesidades reais identificadas. (sistema de diagnóstico de necesidades empregado, debilidades e fortalezas detectadas, e oportunidades e ameazas identificadas no entorno...)
- Sustentabilidade: A pervivencia dos efectos e dos resultados por enriba do horizonte temporal do propio plan (continuidade-puntualidade das actuacións previstas, demanda de máis actuacións semellantes, necesidade de actuacións semellantes...)
- Capacitación, e Participación: Análise dos mecanismos de coordinación e toma de decisións previstos e contribución dos mesmos á participación e xestión do plan, tanto por parte do propio Concello como das organizacións ou colectivos implicados (persoas implicadas no deseño, entidades implicadas, persoas que participan na implantación, formación/especialización das persoas implicadas...)
- Calidade na xestión: A planificación, coordinación, dirección e supervisión exercida dende a equipa técnica encargada do plan (xuntanzas realizadas, reparto de funcións...)

Fontes de información

As fontes de información empregadas para obter datos e poder avaliar o Plan diferenciamolas da seguinte maneira:

Primarias:

- Memorias anuais técnicas dos programas e actividades.
- Formularios e modelos de funcionamento interno.
- Material de difusión
- Calquera outro documento facilitado dende o goberno local.
- Ficha de avaliación das actividades
- Observación directa

Secundarias:

- Persoal técnico adscrito ao proxecto
- Nenas, nenos e adolescentes
- Persoal docente
- Monitor/a das actividades
- Axentes sociais implicados

Indicadores

Os indicadores son os **elementos que nos dan a información que precisamos**, marcan a medida en que o Plan ten acadado os obxectivos plantexados. Posto que non estaban especificados no propio Plan, cuestión que se resolverá na redacción do II Plan, empregamos indicadores de dous tipos:

- Cuantitativos, referidos aos datos numéricos
- Cualitativos, referidos ao grado dos procesos de participación, opinións, satisfacción etc.

Valoración xeral do I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia de Tomiño 2018 - 2019

A redacción do Plan responde a unha estrutura que mantén este esquema:

Área de Intervención, obxectivos e actuacións. As áreas de intervención, non se corresponden cos departamentos existentes dentro do goberno local, pero serve para facilitar a transversalidade das temáticas tratadas no Plan.

Os obxectivos plantexados:

- Son demasiado amplos
- Non constan obxectivos específicos que permitan tratar as temáticas de xeito máis acotado.

Sen embargo, as actuacións plantexadas son concretas nas primeiras catro áreas, sendo moi ampla a última, que corresponde a área de cultura, deporte, ocio e tempo libre.

É preciso sinalar que aquí só se avalía o I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia, pero no Diagnóstico de Situación da Infancia e Adolescencia de Tomiño, amplíase a información recadada sobre todas aquelas actuacións e servizos que non estaban recollidas no Plan, e sobre todas as debilidades, dificultades, fortalezas e retos detectados.

Pasamos a analízalas por separado.

Área atención á infancia e educación

<p>Obxectivo principal da área: Satisfacer as necesidades socioeconómicas e educativas das nenas nenos e adolescentes de Tomiño, a todos os niveis abarcables pola administración local.</p>			
Grado de consecución do obxectivo	1 Moi Alto 2 Alto 3 Medio 4 Baixo 5 Moi Baixo		
Accións:	EXECUTADO	PARCIALMENTE EXECUTADO	NON EXECUTADO
Deuse continuidade ao Programa de Educación Familiar.			
Deuse continuidade ao Servizo de Atención Psicolóxica a menores e as súas familias.			
Deuse continuidade ao Programa de Igualdade.			
Deuse continuidade ao Programa de actividades extraescolares gratuítas.			
Deuse continuidade ao Programa É Aprender.			
Fixéronse inversións en mantemento e obras nos centros educativos.			
Inverteuse na mellora, ampliación e creación de espazos infanto xuvenís ao aire libre.			

Esta área destaca polo seu alto nivel de eficacia, eficiencia, pertinencia, sustentabilidade e calidade das accións. Así e todo o obxectivo que se estableceu no seu día era moi ambicioso, de aí que a pesar de ter realizado todas as accións establecidas non se pode considerar un alto nivel de consecución.

A pesar da chegada da pandemia, o Programa de Educación Familiar soubo adaptarse ás medidas instauradas durante o confinamento e seguiu acompañando ás familias e ofrecendo ferramentas para axudar ás nais, pais e as súas fillas/os. Ademais incorporou unha ferramenta para acompañar as e os adolescentes neses momentos.

I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia de Tomiño

O Programa “É Aprender” non só se seguiu levando a cabo ao longo destes catro anos, se non que se mellorou, integrando o servizo de Atención Psicolóxica, pasando a denominarse “Encaixat”.

Tomiño conta con programas deseñados especificamente para dar resposta as necesidades das persoas menores de idade.

O departamento de igualdade ten a súa vez un Plan para os anos 2021 - 2024.

A inversión no mantemento e obras nos centros educativos fíxose cada verán, adecuando os espazos e adaptándose as necesidades reais; construíuse unha aula de estudos para facer fronte as dificultades que tiñan moiras mozas e mozos coa chegada da pandemia. Tamén destacan a creación de espazos infanto xuvenil ao aire libre, como as humanizacións e os parques adaptados e o skatepark de Goián.

Así e todo, detéctanse necesidades que se teñen que incluír no seguinte Plan, tales como: necesidade de aumentar o persoal da área de benestar social, Atención Temprá (programa que non estaba incluído no anterior Plan)

Área de promoción e fomento da participación infantil

Obxectivo principal da área: Promocionar e manter a participación activa de nenas, nenos e adolescentes de Tomiño			
Grado de consecución do obxectivos:	1 Moi Alto 2 Alto 3 Medio 4 Baixo 5 Moi Baixo		
Accións	EXECUTADO	PARCIALMENTE EXECUTADO	NON EXECUTADO
Promoveuse a existencia dun Órgano de Participación Infantil.			
Leváronse a cabo as propostas feitas dende o consello.			
Promovéronse as charlas formativas e informativas propostas polo consello.			
Implantáronse buzóns de suxestións virtuais e físicos.			
Establecéronse mecanismos e espazos compartidos con outros consellos.			
Atendéronse as demandas feitas polo consello.			

Os esforzos por parte do goberno local, máis concretamente por parte da área de xuventude e participación infantil por lograr consolidar o grupo Voces Novas, por conseguir novos integrantes cando os anteriores cumpriron a maioría de idade e por ofrecer persoal cualificado para a súa dinamización, foron moi altos, sobre todo tendo en conta que coincidiu coa chegada da pandemia. Dende entón, leváronse a cabo algunhas das propostas feitas dende o grupo, facilitóuselles algunhas propostas auto xestionadas, incluso se lles facilitou un espazo propio onde levar a cabo as reunións internas.

O punto número 4 está parcialmente executado xa que existen buzóns virtuais pero non físicos. Isto responde á concienciación medioambiental de non malgastar papel, cando existen outros medios máis sostibles de facer chegar as propostas.

En canto ó punto 3 (non executado) débese ó feito de que só se plantexaron unha charla relacionada ca temática do bullying, pero esta pendente darlles unha rendición de contas ó respecto, así como mellorar esta canle de comunicación.

Área de sensibilización, promoción e difusión dos dereitos da infancia

Obxectivo principal da área: Difundir, sensibilizar e promocionar os dereitos da infancia e da adolescencia			
Grado de consecución dos obxectivos	1 Moi Alto 2 Alto 3 Medio 4 Baixo 5 Moi Baixo		
Accións	EXECUTADO	PARCIALMENTE EXECUTADO	NON EXECUTADO
Creouse, actualizouse e mantívose o espazo da infancia na web.			
Consolidouse a realización anual do Pleno Infantil.			
Realizáronse actividades de difusión nos centros educativos públicos de Tomiño.			
Realizáronse charlas informativas e formativas para o persoal municipal.			

No relativo á sensibilización, promoción e difusión dos dereitos da infancia é preciso aumentar os esforzos.

O espazo web está sen actualizar; é preciso intensificar de cara o curso que ven, actividades de difusión nos centros para captar novos membros, pero sobre todo, é necesario levar a cabo charlas informativas e formativas para persoal municipal sobre dereitos e enfoque de Infancia, así como para o resto da poboación. (Dende Unicef aclaran que con participar nas formacións que eles ofrecen xa se estaría a seguir un bo camiño).

Área de coordinación interna externa

Obxectivo principal da área: Establecer canles de coordinación internos e externos en todo o que afecte a nenas, nenos e adolescentes de Tomiño			
Grado de consecución dos obxectivos	1 Moi Alto 2 Alto 3 Medio 4 Baixo 5 Moi Baixo		
Actuacións	EXECUTADO	PARCIALMENTE EXECUTADO	NON EXECUTADO
Implantouse un departamento municipal específico de infancia e adolescencia.			
Estableceuse un plan de reunións de equipo de coordinación interna.			
Asistíuse a encontros, congresos e reunións que tratasen sobre temas que afectan á infancia e adolescencia.			
Integrouse no CEM a representación do consello.			
Estableceuse un plan de reunións entre o goberno e o consello.			

A Mesa de Coordinación Interna veuse altamente afecta pola chegada da pandemia. En canto se relaxaron as medidas, retomouse o traballo da mesma. Estase incorporando unha calendarización das reunións anuais para facilitar a participación de todos os departamentos implicados. Tamén se ten que crear un calendario para axendar as reunións entre o goberno e o Consello, xa que ata o de agora fixéronse sobre a marcha; cabe destacar que mesmo así, as reunións entre persoal político e o grupo de participación foron bastante numerosas.

En canto a integración do consello no CEM non se levou a cabo. Posto que é un organismo exclusivamente para dar rendición de contas estase a valorar se é necesario ou non levar esta medida a cabo, tendo en conta sobre todo os tempos das persoas que conforman Voces Novas. Así e todo, hai unha moza, Irene Pereira Alonso, que forma parte de Voces Novas e do CEM.

Área de cultura, deporte, ocio e tempo libre

<p>Obxectivo principal da área: Dar continuidade as actividades formativas, culturais, deportivas e de ocio e tempo libre</p>			
<p>Grado de consecución dos obxectivos</p>	<p><u>1 Moi Alto</u> 2 Alto 3 Medio 4 Baixo 5 Moi Baixo</p>		
<p>Actuacións</p>	<p>EXECUTADO</p>	<p>PARCIALMENTE EXECUTADO</p>	<p>NON EXECUTADO</p>
<p>Realizáronse actividades formativas</p>			
<p>Realizáronse actividades culturais</p>			
<p>Realizáronse actividades deportivas</p>			
<p>Realizáronse actividades de ocio e tempo libre</p>			

Esta área ao igual que a primeira destaca polo seu alto nivel de traballo. Ao longo destes catro anos leváronse a cabo un grande número de actividades formativas, culturais, deportivas e de ocio e tempo libre. Sempre buscando ofrecer novas propostas encamiñadas a satisfacer as novas necesidades e gustos da mocidade e da infancia. Destacan as deportivas polo alto grado de participación, sobre todo no verán.

Considerase necesario incorporar ferramentas de comunicación para que a xente nova poida facer as súas propostas de actividades (ata o de agora poden facelas a través do Instagram e o Facebook da Omix, pero non todas as persoas novas teñen redes sociais). E tamén, para facer a súa valoración dos servizos ofrecidos.

As actuacións propostas:

- O 76% das medidas propostas no Plan foron executadas.
- O 11, 5% executáronse parcialmente.
- O 11, 5% quedaron sen executar.
- O maior número de actuacións executadas foi nas áreas de atención á infancia e educación e cultura, deporte, ocio e tempo libre.
- O maior número de actuacións parcialmente executadas corresponde ás áreas de promoción da participación e coordinación interna.
- O maior número de actuacións que quedaron sen executar corresponde ás áreas de promoción da participación, sensibilización, promoción e difusión dos dereitos da infancia e coordinación interna.

Proposta de mellora

Á luz das valoracións comentadas ata agora, e de cara a optimización do deseño do II Plan Municipal de Infancia e Adolescencia pensamos que algunhas cuestións a ter en conta son:

- Mellorar a diagnose. A diagnose debe ser algo operativo, práctico, non se trata de acumular información, senón de tentar comprender que pasa, por que pasa, a quen afecta, e que outros factores están interrelacionados con este...Deberá formularse nunha linguaxe clara, rigorosa e comprensible, tendo en conta as visións dos diferentes axentes implicados nas accións, mesmo do colectivo beneficiario. Tamén deberá ser coherente e compensada sobre cada unha das diferentes áreas nas que se pretende intervir. A diagnose é a que lle ten que dar sentido e coherencia a totalidade do plan, é o elemento co cal medimos a súa validez e “oportunidade”, é a que explica o porqué de levar adiante unhas actuacións ou outras. Elaborar un mapa de recursos. Isto axudaría a ter unha visión global das accións, servizos e programas que están en funcionamento, tanto a nivel público como privado, dentro da área de influencia do Concello identificando así as áreas máis desatendidas e favorecendo a coordinación e optimización entre os distintos axentes implicados.
- Delimitar as áreas de intervención: As áreas de actuación, son útiles na medida en que delimitamos diferentes ámbitos de intervención polo grado de independencia ou autonomía de cada unha delas, tanto no que se refire ás problemáticas como, sobre todo, ás diferentes estratexias de intervención ou resposta que se plantexan. Consideramos importante conxugar áreas temáticas (Saúde, Educación, Servizos Sociais, etc.) con áreas transversais, como Sensibilización, Xuventude,... pero en calquera caso non condicionarnos pola distribución das políticas municipais.
- Afinar na formulación de obxectivos: Na elaboración dun plan é fundamental ir graduando a descrición dos obxectivos (das metas) que se pretenden acadar de forma que vexamos coherencia entre o que se quere conseguir e o xeito que propoñemos para facelo. De acordo con isto, os obxectivos ademais de ser coherentes coas necesidades detectadas na diagnose, deben ser “precisos” e “medibles”, aínda que conscientes de que en ocasións non resulta doado formulalos deste xeito, insistimos na importancia de definir con maior precisión os obxectivos mais operativos.

- Concretar as medidas ou actuacións: A elaboración dun plan implica que cada obxectivo está xustificado nunha necesidade, e que cada medida está elixida para acadar, con maior eficacia un obxectivo. Polo tanto as necesidades reais detectadas na diagnose deben ser as únicas que marquen a axenda de traballo. Cada medida debe ir sempre asociada a un obxectivo: de xeito que o obxectivo diga a onde queremos chegar, e a medida o xeito de facelo. Para unha mellor claridade na definición do plan, cada área de actuación deberá ter uns obxectivos, cada obxectivo diferentes medidas, e de ser o caso, cada medida diferentes accións. Consideramos tamén de interese o feito de incorporar en cada medida, ademais das accións que contén, outras informacións que axuden á súa concreción ou seguimento, como son o nome dos axentes que interveñen, indicadores de avaliación, prazos de execución, e mesmo por tratarse dun plan municipal, dotación orzamentaria asignada.
- Determinar un sistema de avaliación: A avaliación do plan debe estar presente, ao longo de todo o proceso, dende o seu deseño ou elaboración inicial, ata o seu remate, pasando pola execución das actividades propostas. Avaliar é dar conta de en que medida o proxecto ten un maior ou menor nivel de éxito na consecución dos obxectivos propostos, e polo tanto depende de que teñamos claro onde se sitúa a fronteira deste “éxito”. Propomos que se definan indicadores relevantes, que cumpran co seu papel de medir o éxito de cada unha das accións, que se faga no momento do deseño do plan, contemplando ao mesmo tempo as fontes e medios necesarios para obtelos.
- Establecer mecanismos de participación cidadá: O feito de incorporar mecanismos de participación cidadá na definición de políticas públicas, podemos entendelo como un acto de lexitimación democrática, pero tamén como unha forma de corresponsabilidade da cidadanía na toma de decisións. Como primeiro paso cara a implicación da sociedade na definición de políticas públicas, propomos a creación dunha Mesa de Coordinación Externa, na que participen ademais das organizacións políticas, entidades sociais, a comunidade educativa, etc. Entre as súas funcións estarían as de aportar información para a diagnose, realizar propostas, propor medidas ou actuacións concretas, expoñer queixas, reclamacións ou preocupacións.

Tomino
CONCELLO